

SUXERENCIAS PARA UN FEITO DE NORMALIZACIÓN

Helena Sánchez Rodríguez

Antes de centrarmos na esencia do problema, parece útil facer algunhas observacións, que aínda que non están sistematicamente conexas poden, polo menos, establecer o telón de fondo canto á problemática na que se encontra a lingua galega como vehículo comunicativo na Galiza, en todas as situacións e momentos da vida de todos e de cada quen.

A pouco ou a nada levan as actuacións individuais dos falantes se por detrás non hai un apoio colectivo que os respalde. Estamos convencidos de que non por ouviren os nenos desde o berce falar en lingua galega van ter garantido que a súa L1 ou lingua materna vai ser o galego; complementando a isto é preciso a práctica das aulas nesta lingua durante o proceso de ensinanza–aprendizaxe.

Detrás de todo isto está un sistema social, o único e importante apoio que fai que os idiomas teñan competencia; mais pensamos que un pilar fundamental deste sistema social é o colectivo do profesorado; ao noso entender condicionante para o antes e o despois; para o antes, no senso de que moitos nenos ouvirán falar en galego desde o seu rolo, se os pais saben que o van seguir ouvindo en todos os momentos nas aulas; para o despois, porque a competencia adquirida nestes anos é a mellor premisa que asegura o uso do galego despois, é un ir instalando–nos e acomodando–nos nel desde os primeiros momentos da vida, para deixarmos de estar conflitivamente aloxados.

POR QUE NA NOSA LINGUA

Canto ao uso ben sabemos que está superdemostrado o paralelismo das linguas. A priori non hai linguas nen mellores nen peores, mais por ser o galego a lingua cultural da Galiza, este proporciona ao pensamento un grao de desenrolo moito máis grande que o que pode aportar calquer outra lingua; desenrolo maior, porque o propio desenrolo do pensamento en coerencia e continuidade co mundo das actitudes e emocións, asegura unha acción máis está-

bel e perfeita. Nunha palabra, nel está englobado o pasado e o presente do noso país, polo tanto é tamén o galego un elemento humanizador. A causa debe-se a que provoca-expresa o desenrolo simbólico-cognitivo do falante. Este polémico campo das relacións pensamento-linguaxe, aludímo-lo como un dos terreos onde as posicións, non sendo unitárias, manteñen consenso sobre a existencia de unha relación intensa e profunda da ambas as dúas realidades: pensamento-linguaxe (1).

Ademais o galego non só ten valor como meio de expresión-comunicación simplemente cognitivo, senón tamén afectivo e, mesmo integral, das distintas dimensións da personalidade. Sabemos ademais, que no campo vivencial se dan tamén elementos comunicacionais non propriamente ligüísticos (non articulados), como son a mímica e as actitudes corporais, mais aínda así, nestes casos a língua posue matizacións expresivas e comunicativas moi sutís que complementan a propia mímica.

Ante este problemático panorama, é precisa unha implicación de todo o profesorado como un paso fundamental de cara a un contexto global lingüístico propio para a Galiza. A nosa língua ten de ser o único meio de transmisión dos coñecimentos na práctica escolar de todas as asignaturas, ou sexa, a língua empregada en todas as ciencias, pois non esquezamos que o meio é a mensaxe, (2), en moitas ocasións, a única mensaxe, de aí a grande importancia que ten usá-la.

En definitiva, se a língua galega ten para nós moitas máis vataxes que calquer outra lingua, ¿que é logo o que nos leva a non usarmo-la nen a defendermo-la?.

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO NO QUE NOS MOVEMOS

No ámbito extraescolar, ¿que é o que observamos canto á normalización—normativización do galego?.

De fixarmo-nos no plantexamento que se fai na L.N.L.G.A. (Lei de Normalización Lingüística), e no Decreto da Xunta de Galiza 135/1983, no seu tema central atopamos a *cooficialidade do galego co castelán*. Este feito implica que o castelán se sitúa como parámetro da competencia lingüística que o alumno pode acadar tocante ao galego. Brilla pois, pola sua ausencia a procura da máxima competencia lingüística para a nosa lingua.

Se analizamos a planificación que se fai da normalización – normativización da lingua, notaremos unha total ausencia de contextualización do propio proceso de normalización. Academiza-se a lingua no senso de incluíren-na nun curriculum escolar, mais non están definidos con claridade nen o rol nen o status desa lingua en función das peculiaridades dos individuos e da sociedade para quen se normaliza.

É de salientar tamén a escasísima atención prestada á reciclaxe lingüístico-didáctica do profesorado encargado de impartir galego e outras materias.

Non poderá negar-se tampouco a nula vixilancia vebo do cumprimento das orientacións de política lingüística.

Todas estas cuestións e outras moitas trabas escolares e extraescolares, que non mencionamos pola extensión que nos levaría expó-las, condicionan en boa parte a propia ensinanza-aprendizaxe do galego. A situación legal non é pois na realidade favorecedora; para que haxa competencia nunha lingua é preciso que teña detrás un sistema social, porque por este camiño o galego está condenado a desaparecer, e o Ensino ten moito que dicir a isto.

Vexamos agora cal é a realidade das variábeis que se consideran responsábeis en calquer situación sociolingüística: Actitudes ante a lingua de aceptación–rexeitamento, e coñecimento e uso da mesma.

Na poboación adulta galega verbo das actitudes fronte á lingua, dá–se unha tendencia xeral na súa aceptación como lingua de expresión, polo menos a nivel de desexo. Xuntamente con esta acollida afectiva do galego como lingua coloquial, parece estar presente, en moitas ocasións, a conciencia e aceptación bastante xeneralizada de que esta lingua galega non goza de prestixio social, polo que o desexo non chegará a converter–se en realidade. Isto explica a conduta de non ser empregada entre pais e fillos a pesar de que se usa habitualmente entre os pais, nen entre profesores alumnos. Esta situación de escisión (pensamento e desexo por un lado e conduta polo outro) parece que está interiorizada, en parte, polas xeracións máis novas, dando–se a miúdo o caso de falaren galego en certas situacións (grupos de amigos, no bar), mais non así na escola, nen no concello; ou sexa, practicamente nunca cando se dirixen a unha persoa que non coñecen, ou a aquelas que ocupan un cargo de responsabilidade na administración, ou noutros organismos públicos ou privados de relevancia.

De fixarmo–nos no coñecimento da lingua, a tendencia mantén–se na liña de coñeceren o galego unha boa porcentaxe de xente; entenden–no practicamente todos e mesmo poden falá–lo case que todos.

No relativo ao uso as cousas cámbian, residindo o maior perigo na xente nova; estes usan–na cada vez menos, pode–se dicir que na mocidade non se produce aumento no uso oral, falando–a en escasísimas situacións, principalmente informais.

A lectura en galego ofrece–nos datos máis preocupantes, e son ben pouquiños os que poden escribér–lo con certa soltura e corrección.

Este panorama actual tan negativo necesita de unha axuda global para a recuperación da propia identidade, axuda que non percebemos por ningunha parte, e aínda que sabemos que actos aillados valen de pouco, pensamos que se podería dar un bon pulo nesta situación de ambivalencia, na que o galego vai deteriorando–se cada día máis; : O profesorado galego debe de tomar as rendas canto antes de cara a unha auténtica normalización, porque este é coñecedor de datos que lle permiten asegurar tan decisivo paso. En primeiro lugar, no propio profesorado sobresaen as actitudes lingüísticas positivas, segundo algun estudo realizado a este respecto (3); sabe tamén que na poboación escolar hai bastante dose de motivación, o que dalgun xeito lle permite garantir mellores resultados na súa asignatura; mais sabe tamén que no fondo de todo isto está implícito o proceso de ensinanza–aprendizaxe que deberá ir sempre do coñecido ao descoñecido, ou o que é o mesmo do vivido ao pensado. Eis a mellor motivación; mais non hai que esquecer que se debe seguir avivando esta, porque non nos enganemos, nen olvidemos que a aceptación é principalmente emotiva, mais non igualmente efectiva (por non ir seguida de igual proporción de falantes habituais en todos os ámbitos), por iso se precisa de un grande esforzo para *desbloquear* a situación, suprimindo as barreiras que aillan a situación emotiva da súa realización práctica.

¿Cal é o camiño para levarmos isto adiante?. Nós non temos receitas nen sabemos estratexias concretas e eficaces, apenas temos suxerencias parciais, fruto da nosa experiencia e intuición; estas tomarán–se dun xeito máis ou menos rixido, segundo o profesor da materia sexa da asignatura específica de galego ou do resto das materias que deberán de ser impartidas nesta lingua. Pensamos o seguinte:

a) O profesorado debe exemplizar, sen ningún tipo de confusión, unha conduta de manifesta defensa da fala galega en todos os ámbitos. Neste senso, parecen-nos contraproducentes e negativas certas prácticas de falar e de escribir un tipo de lingua (galego), ou outra (castelán) baixo o pretexto de que tanto legal como practicamente se trata de bilingüismo. (Este hábito desafortunadamente existe incluso nalgún profesorado que imparte a asignatura de galego). É precisa, pois, unha coerencia sistemática e non contraditoria.

b) Igualmente irán nesa mesma dirección prácticas como a de explicar o significado das palabras (non habituais) galegas, usando na súa descrición a lingua castelá. Tamén sería motivo de confusión aceptar que alumnos pregunten en castelán e mesmo que os profesores se expresen na clase cunha lingua e fóra con outra. (Este tipo de conduta é inexplicable no profesorado que imparte a signatura específica.

c) Seria moi útil criar un clima de comprensión e de aceptación temporal da lingua non normativizada como punto de arranque para que o alumno poda expresar-se e se exprese (fala e escrita) de feito en galego, aínda que a súa competencia lingüística sexa deficiente nalguns aspectos (erros frecuentes na fonética, léxico, etc). Isto mesmo vimo-lo aceptando os profesores de galego como punto de partida, o que non impide que este estado vaia sendo mellorado *progresivamente*, en función das capacidades, intereses, e coñecimentos concretos dos alumnos; pois o profesor debe facer que sexa unha realidade a ensinanza individualizada, ou sexa ter en conta os alumnos que ten ante si, para que cada un vaia avanzando segundo o seu ritmo.

d) É preciso e necesario que o profesorado de todas as materias sexa ven informado, pois o galego á hora de impartilo nas clases non presenta os problemas que, ás veces, se sospeitan que podemos ter á hora de impartirmos as nosas materias nel.

Por outra banda, o seu ensino específico está moi lonxe da dificultade que poden ter no proceso de ensinanza-aprendizaxe as outras linguas; de aí que o ensino deste teña que facerse dun xeito ben diferente ao que se fai normalmente co francés e inglés; aínda que deberiamos aunar esforzos á hora de impartirmos as distintas linguas que conviven nas aulas (4), na procura de mellores e máis cómodos resultados.

Eis unha actuación que pode ser do máis eficaz e necesaria no conxunto global da recuperación da propia competencia lingüística. Unha axuda vital nesta árdua tarefa de refacer a lingua que se nos vai evaporando ás zancadas. Ao meu modo de ver, a recuperación da propia identidade depende do profesorado en grande medida; quen poden facer que o galego adquira o papel que lle corresponde como L1 ou lingua materna para os habitantes da Galiza; esta recuperación é a propia recuperación de un mesmo, no senso de non termos que rexeitar as primeiras vivencias inmersas nun ambiente galego-falante. Se isto se produce poderíamos augurar un estábel Futuro para o galego como L1 ou lingua materna da Galiza.

NOTAS:

- (1) LENNEBERG, E, (1981) Fundamentos biológicos del lenguaje, Madrid, Alianza.
- (2) McLUHAN, M, -FLORE QUENTIN, (1980) El medio es el mensaje, Trad. Miras, L, Paidós Ibérica.
- (3) ROJO, G, (1979) Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia, Santiago, Universidade de Santiago.
- (4) VEZ JEREMIAS, J, M. (1985) Aplicación de módulos nocionales en las clases de gallego, castellano e inglés en la E.G.B. : Una aproximación triglósica, Santiago, Universidad de Santiago.